

# Queres ser o meu amigo?



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo


● tarefa ● cita — nota

# Si, quero ir ao mar de Vigo!

Na alameda de Compostela hai un banco semicircular que se deu en chamar “**banco dos murmurios**”, “**banco acústico**” ou “**banco dos namorados**”. Sabedes por que? Pois porque a forma deste banco permite que se unha persoa borboriña algo sentada nun extremo, coa cabeza pegada ao respaldo, outra persoa sentada no extremo oposto pode escoitar a mensaxe case á perfección. Isto aproveitábase

seica moitas parellas para conversar na intimidade cando o contacto físico non se lles permitía. Claro que a mensaxe pode chegar un chisco distorsionada –sobre todo **se o noso oído non é tan bo coma o desta parella de bufos**– algo así coma no xogo do **teléfono escangallado**; xogastes algunha vez? É unha actividade ben divertida para entreterse en familia. Só tedes que formar unha cadea sonora na

que a primeira persoa da cadea bisba unha mensaxe ao oído da seguinte, que lla pasa á que ten ao lado e así ata chegar ao último elo da cadea, que dirá a mensaxe en alto. As risas están aseguradas ao comparala coa mensaxe inicial :) Aquí tedes algúns exemplos de frases para comezar, mais podedes empregar a que se vos ocorra. **E que vos parece se probades a xogar no propio banco?**

+ **Info:** <https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/places/banco-acustico-da-alameda/>

Non querías papas,  
toma dúas cuncas.

Comer e rañar  
todo é empezar.

Non me tires  
da lingua.

Pasei a noite  
en branco.

Son cuspidiña/o  
a miña nai.

Seica estás  
nos biosbardos.

De aquí a un pouco  
caio co sono.

Son lista/o  
coma un allo.

Ten conta que ás veces  
prendo do revés.

Son guapo/a  
coma un sol.

Moito me enches  
o ollo!

Estou forte  
coma un buxo.

Non está o alcacén  
para gaitas.

Ando coa mosca  
de trás da orella.

Non estou para leñas,  
déixame en paz!

Non hai mal  
que por ben non veña.